

AFORRO ENERXÉTICO

Durante o presente curso estivo a funcionar un grupo de traballo que baixo o título “¿É posible un modelo económico sostible sen eficiencia e aforro enerxético?” .

As principais conclusións ás que chegou son as seguintes:

- □ Reafirmámonos na importancia que para a comunidade educativa, e nomeadamente para o alumnado, teñen todos estes temas relacionados co aforro enerxético, coa eficiencia enerxética, cos modelos económicos posibles e co desenvolvemento sostible.



- □ Constatamos a potencialidade, que para a introducción destes aspectos nas preocupacións do alumnado, posúe o traballo interdisciplinario e globalizado, ademais de como mecanismo de presentación da complexidade e implicacións da problemática medioambiental.
- □ Salientamos a necesidade de introducir prácticas de aforro e eficiencia enerxética nos centros, como un medio máis para concienciar ó alumnado en particular, e á comunidade educativa en xeral, sobre a virtualidade destas prácticas para aspirar a un desenvolvemento económico respectuoso co medio ambiente.

- □ Asumimos a importancia de iniciar canto antes, no momento en que chega alumnado novo ó centro, as actuacións neste campo para que no decorrer do tempo se vaian sedimentando actitudes e valores que asuman a importancia que para o futuro terán as prácticas de aforro e eficiencia enerxética.



- □ Comunicamos que a realización dunha auditoría enerxética ó Centro, por parcial e imperfecta que sexa, é de vital importancia para descubrir usos e prácticas contraindicadas e incidir nas medidas convenientes que impliquen un maior aforro e un uso máis eficiente da enerxía sen perda de confortabilidade.

- □ Informamos á comunidade educativa sobre a importancia de practicar, no Centro, nos fogares, no Concello, en calquera instalación sexa residencial ou non, medidas de

AFORRO ENERXÉTICO



eficiencia e aforro enerxético.

□□ Subliñamos a necesidade de abordar desde unha óptica interdisciplinaria os estudos sobre estes temas, e salientamos a oportunidade que isto pode supoñer para o aumento da **c o o r d i n a c i ó n** interdepartamental no Centro.

□□ Declaramos que non será posible un desenvolvemento económico sostible, respectuoso coa Natureza, se non se practican da forma máis eficaz posible medidas de aforro e de eficiencia

enerxética. Neste sentido aspiramos á introducción dun novo modelo enerxético baseado nos seguintes aspectos:

- a) Suficiencia: hai que consumir menos, é básico transmitir esta idea ó alumnado.
- b) Eficiencia: hai que facer máis, producir máis con menos enerxía; hai que introducir na sociedade as ideas e a filosofía do chamado factor 4, que consiste, basicamente, en duplicar o benestar coa metade dos recursos naturais.
- c) Na aposta decidida polo desenvolvemento das enerxías renovables. En consecuencia:

- Apoiamos o uso e a potenciación de fontes de enerxía renovables (eólica, solar térmica, solar fotovoltaica, mareomotriz, xeotérmica e biomasa) no camiño de conseguir alternativas enerxéticas viables ás fontes de enerxía convencionais (petróleo, carbón e gas natural). Neste sentido anecemos que as alternativas enerxéticas consideradas de futuro por constituír fontes enerxéticas limpas, razoablemente seguras e, practicamente, inesgotables, como son a xeración de hidróxeno como combustible a partir de fontes renovables e a obtención de enerxía eléctrica a partir da reacción nuclear de fusión, sexan impulsadas polos poderes públicos, aportando fondos para a investigación que faciliten e impulsen a introducción de financiamento privado en I+D nestes campos¹, no camiño de obter estas fontes de



1 Sabemos que cando se aposta decididamente por unha tecnoloxía, invertindo o que sexa necesario, aportando recursos humanos e materiais provintes tanto do ámbito estatal como privado, os resultados non tardan en aparecer. Temos o caso paradigmáticos das baterías para os terminais da telefonía por onda. Cando se descubriron oportunidades de negocio e se apostou fortemente por esta tecnoloxía aportando fondos e recursos para a investigación, pronto se produciron os resultados desexados.



AFORRO ENERXÉTICO

enerxía o antes posible².

□□ Reclamamos que as Administracións públicas, e preferentemente para nós a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, asuman as prácticas de aforro e eficiencia como un factor máis de calidade nas súas actuacións e actividades. A ninguén se lle escapa o extraordinario efecto negativo que transmiten e a imaxe de descontrol e malgasto que trasladan, certas conductas, certas formas de proceder e actuar que se producen nas oficinas e dependencias públicas, con total desprezo deica prácticas e usos enerxéticos minimamente comprometidos coa saúde medioambiental do planeta.



□□ Recomendamos á Dirección do centro que, na medida en que os recursos orzamentarios o permitan, tome medidas encamiñadas a aumentar as prácticas de aforro e eficiencia enerxética no Centro. Entre outras propoñemos:

- a) Instalar progresivamente termóstatos nas súas dependencias.
- b) Apagar algúns radiadores situados preto das portas de acceso nos corredores da planta baixa.
- c) Colocar entre as paredes e os radiadores paneis de chapa de madeira forrados de papel de aluminio en todos os radiadores do Centro.
- d) Instalar progresivamente balastos electrónicos nos equipos de iluminación.
- e) Instalar sensores de apagado automático en certas dependencias do Centro.
- f) Adquirir paneis fotovoltaicos de silicio policristalino para uso didáctico.

Como unha das actividades da campaña de concienciación que se desenvolveu entre o alumnado convocáronse dous certames dos que a seguir imos a dar unha moi breve referencia:

A título individual foi convocado un concurso para elaborar e deseñar unha postal de nadal que estivese centrada no aforro enerxético, ou ben no malgasto que as veces se fai da enerxía. O gañador foi o alumno de 4º de ESO Alberto Vilariño Tarrío. O seu pre-

mio consistiu nun lote de pilas recargables co seu correspondente cargador. ¡Parabén!

A título colectivo convocouse un certame entre os grupos de 1º e 2º de ESO. O obxectivo era practicar na aula medidas de aforro e eficiencia enerxética. A clase que resultou gañadora, por estreito marxe pois todos os grupos tiveron un comportamento excelente, foi a de S1D. O premio consistiu nunha viaxe á vila ourensá de Allariz. Visitouse

a fermosa vila así como diferentes instalacións relacionadas coa xeneración de enerxía eléctrica (central de biomasa e minicentral hidráulica), con actividades e industrias tradicionais (museos do xoguete, de fábricas de curtidos e do proceso do liño) ou con oficios relacionados co agro e a gandería (ecoespacio do Rexo).

Miguel A. Rodríguez
Méndez
Coordinador

² Consideramos que o proxecto internacional ITER (Reactor Internacional Termonuclear Experimental) pode ser, en tanto que suporá, de ter éxito, a solución do problema enerxético do mundo, o inicio do fin das restriccións enerxéticas ó desenvolvemento económico.